

**ACORDOS DO CONSELLO REITOR DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA
MATEMÁTICA DE GALICIA - CITMAGa****ACORDOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

Data: 07/12/2021

Hora: á finalización do Consello Galego de Universidades

Lugar: Edificio Fontán, Cidade da Cultura (Santiago de Compostela). Habilitarase xuntanza por MS Teams

1. Aprobación, se procede da acta da sesión anterior. Apróbase por asentimento a acta do Consello Ordinario do día 8 de setembro do 2021.
2. Informes da presidencia e da dirección.
3. Informe provisional do Balance de Peche de ITMATI e do Balance de Apertura de CITMAGa.
4. Aprobación, se procede, da vinculación de persoal investigador (artigo 10, apartado 4.i dos Estatutos). O Comité Asesor Científico Externo (CACE) trasladou á Dirección Científica a proposta final de vinculación. Visto o anterior, este consello aprobou a proposta feita polo CACE para a vinculación de persoal investigador.
5. Acordos en materia de persoal investigador propio non permanente. A Dirección solicita o acordo do Consello Reitor para iniciar o procedemento para a aplicación do acordo da USC (en materia de categorías profesionais e condicións retributivas), así como para outros aspectos relativos ás condicións laborais que serán levados a un vindeiro Consello Reitor. Apróbase a proposta por asentimento.
6. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno. Apróbase por asentimento o Regulamento de Réxime Interno.
7. Aprobación, se procede, de modificacións nas delegacións de competencias. Apróbase por asentimento a delegación de competencias.
8. Asuntos de trámite. O reitor da USC, D. Antonio López Díaz, propón que este consello faga chegar ás universidades correspondentes a solicitude de recoñecementos de cargo, Dirección de Investigación (USC) e Dirección (adxunta) de Transferencia (UVigo).

Javier Roca Pardiñas

Director Adxunto de Transferencia do CITMAGa

Secretario do Consello Reitor do CITMAGa

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**

www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357